

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	SANTIAGO DE COMPOSTELA
Edificio	Capela do Carme dabaixo
Dirección	
	42.8822869 -8.556376
Protección	
Descrición	<p>Este templo barroco clasicista consta dunha única nave de planta rectangular, cuberta a dúas augas e lanterna circular no centro. Ergueuse entre os anos 1760 e 1773 sobre unha pequena capela anterior. Os planos orixinais eran do arquitecto Lucas Ferro Caveiro, aínda que durante a construción se perdeu a pegada do barroco compostelano, quedando nunha obra de carácter moi rural. No ano 1867, Baltasar Ferreiro engadiu un novo presbiterio co que o presbiterio orixinal se converteu en cruceiro. A fachada, en cadeirado de granito, consta de tres corpos verticais enmarcados por pilastras, e tres corpos horizontais; o primeiro con portada alintelada; o segundo con fornella flanqueada por columnas e rematada con arco de medio punto e que acolle a imaxe da Virxe do Carmen, e arriba, escudo enmarcado por un frontón semicircular. Coroa o conxunto a torre-campanario, de planta cuadrangular e decorada e rematada con pináculos e volutas.</p> <p>No interior, o altar maior, de estilo barroco, segue o tipo dos realizados por Miguel Ferro Caaveiro. www.turismo.gal (14-01-2017)</p>
Campás	
Fotos	0
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autors da documentación	
Data	

Información completa: [Capela do Carme dabaixo - SANTIAGO DE COMPOSTELA \(GALICIA\)](#)

PDF (10-06-2026)